

Mensaxe de Nadal da Súa Maxestade o Rei

Palacio da Zarzuela. Madrid, 24 de decembro de 2013

Boas noites.

Quero expresaros a todos a miña cordial felicitación neste Nadal, desexarvos un venturoso Ano Novo e compartir convosco as miñas reflexións sobre o que estamos a rematar e as miñas conviccións sobre o noso futuro en común.

España continúa sufrindo os efectos dunha crise económica e financeira dunha duración e magnitude descoñecidas na historia recente da Unión Europea, con efectos moi negativos sobre as persoas, as familias e as empresas.

Quero, por iso, comezar as miñas palabras cun saúdo especialmente afectuoso a quen de xeito máis duro lle está a golpear esta crise: aos que non puidestes encontrar traballo ou o perdestes durante o ano que vai rematar; aos que por circunstancias diversas non podedes dispoñer dunha vivenda; aos mozos que non puidestes aínda seguir un vieiro na vosa vida profesional; a todos os que soportastes tan duros sacrificios con coraxe, e aos que loitades cos vosos mellores esforzos por facer realidade as vosas lexítimas aspiracións.

Saúdo tamén aos que estades a achegar o mellor da vosa creatividade e do voso talento para superar as dificultades. Penso en particular en todos os emprendedores; na pequena e mediana empresa que sostén o tecido produtivo da nación; nos traballadores autónomos; nos inmigrantes, cuxa achega hai que agradecer sen reservas; nos servidores públicos; nos que estades a traballar fóra de España.

E penso en vós, as persoas maiores, os pensionistas, que estades a ser o soporte de moitas economías familiares. Grazas pola vosa axuda. É extraordinaria a forza da familia en España, e fundamental o papel que está a xogar nesta grave crise. Grazas tamén á sociedade civil que demostrou unha solidariedade verdadeiramente exemplar para atender a millóns de persoas en graves dificultades. Grazas, en definitiva, ao conxunto dos cidadáns polo voso exemplo de responsabilidade e de civismo en tempos certamente difíciles.

Permitídemme dedicar un recordo moi especial e emocionado ás vítimas do terrorismo, coas que a sociedade segue tendo unha permanente débeda de gratitude. Unhas persoas e unhas familias que durante décadas sufriron cruelmente a violencia e o terror duns criminais totalitarios. Sei que estades a pasar momentos especialmente difíciles.

Hoxe, coma antes e coma sempre, quero compartir a vosa dor con anovada solidariedade e expresaros todo o meu apoio.

É indiscutible que a crise económica que sofre España provocou desalento nos cidadáns, e que a dificultade para alcanzar solucións rápidas, así como os casos de falta de exemplaridade na vida pública, afectaron ao prestixio da política e das institucións.

Sei que a sociedade española reclama hoxe un profundo cambio de actitude e un compromiso ético en todos os ámbitos da vida política, económica e social que satisfaga as esixencias imprescindibles nunha democracia. É verdade que hai voces na nosa sociedade que queren unha actualización dos acordos de convivencia.

Estou convencido de que todas estas cuestións se poderán resolver con realismo, con esforzo, cun funcionamento correcto do Estado de Dereito e coa xenerosidade das forzas políticas e sociais representativas.

Realismo para recoñecer que a saúde moral dunha sociedade se define polo nivel do comportamento ético de cada un dos seus cidadáns, empezando polos seus dirixentes, xa que todos somos corresponsables do devir colectivo.

Esforzo para que a economía confirme os indicios de recuperación que se están a empezar a ver e que teñen que ser aínda máis sólidos, porque non podemos aceptar como normal a angustia dos millóns de españois que non poden traballar. Para min, a crise comezará a resolverse cando os parados teñan oportunidade de traballar.

Funcionamento do Estado de Dereito para que a exemplaridade presida as institucións, para que se cumpran e fagan cumprir a Constitución e as leis, e para que as diferenzas e as controversias se resolvan conforme ás regras de xogo democráticas aprobadas por todos. O respecto desas regras é a garantía da nosa convivencia e a fortaleza da nosa democracia. Esta é unha verdade incuestionable que debemos ter moi en conta.

E, coma sempre, xenerosidade para saber ceder cando é preciso, para comprender as razóns do outro e para facer do diálogo o método prioritario e máis eficaz de solución dos problemas colectivos.

A miña posición permitíume vivir as múltiples vicisitudes polas que atravesou España, á que dediquei a miña vida. Vin momentos malos e bos e sempre soubemos os españois saír xuntos dos malos e construír xuntos os bos.

Con esa experiencia, podo dicir que o sistema político que naceu coa Constitución de 1978 nos proporcionou o período máis dilatado de liberdade, convivencia e prosperidade de toda a nosa historia e de recoñecemento efectivo da diversidade que compón a nosa realidade. Convén que o teñamos ben presente, pois a miúdo se pretende que o ignoremos ou o esquezamos cando se proclama unha suposta decadencia da nosa sociedade e das nosas institucións.

Reivindicar ese logro histórico non é incompatible con recoñecer, como acabo de sinalar, a necesidade de mellorar en moitos aspectos a calidade da nosa democracia.

Esa crucial tarefa de modernización e rexeneración non é competencia exclusiva dos responsables políticos. Tamén o é dos axentes económicos e sociais e da sociedade no seu conxunto a través das súas estruturas organizativas.

Durante moitos anos, xuntos camiñamos na construción da nosa democracia, xuntos resolvemos problemas non máis doados que os que hoxe afrontamos, e sempre coa ambición de chegar a un obxectivo común.

Pois ben, xuntos debemos seguir construíndo o noso futuro porque nos unen e nos deben seguir unindo moitas cousas:

Únenos a arela de asegurar un porvir sólido, xusto e cheo de oportunidades.

Únenos a intensidade dos afectos e lazos históricos, as culturas que compartimos, a convivencia das nosas linguas, a aceptación do diferente.

Únenos a extraordinaria riqueza dun país diverso, de culturas e sensibilidades distintas.

Únenos a solidariedade que sempre demostramos ante as grandes adversidades, ante as desigualdades sociais e territoriais, ante as necesidades dos nosos veciños.

E únenos e débenos seguir unindo o sentimento de comunidade que recentemente expresaba o Príncipe de Asturias: España é unha gran nación que paga a pena vivir e querer, e pola que paga a pena loitar.

A Coroa promove e alenta ese modelo de nación. Cre nun país libre, xusto e unido dentro da súa diversidade. Cre nesa España aberta na que cabemos todos. E cre que esa España é a que entre todos debemos seguir construíndo.

Por iso, convido ás forzas políticas a que, sen renunciar ás súas ideas, superen as súas diferenzas para chegar a acordos que a todos beneficien e que fagan posibles as reformas necesarias para afrontar un futuro marcado pola prosperidade, a xustiza e a igualdade de oportunidades para todos.

Convido aos líderes políticos e aos axentes sociais a que exerzan o seu liderado e combatan o conformismo, o desalento e o victimismo.

Convido á comunidade intelectual a ser intérprete dos cambios que se están a producir e a ser guía do novo mundo que está a emerxer na orde xeopolítica, económica, social e cultural.

Convido ás institucións públicas, aos empresarios e investidores a que aposten decididamente pola investigación e a innovación, para mellorar a competitividade e contribuír así á creación de emprego.

E convídivos a todos a recuperar a confianza en nós mesmos e nas nosas posibilidades para facer realidade as nosas mellores arelas como españois.

Esta noite, ao dirixirvos esta mensaxe, quero transmitirvos como Rei de España:

En primeiro lugar, a miña determinación de continuar estimulando a convivencia cívica, no desempeño fiel do mandato e as competencias que me atribúe a orde constitucional, de acordo cos principios e valores que impulsaron o noso progreso como sociedade.

E, en segundo lugar, a seguridade de que asumo as esixencias de exemplaridade e transparencia que hoxe reclama a sociedade.

Finalmente, ao despedirme, quero agradecer os xenerosos testemuños de alento que recibín ao longo deste ano, desexarvos que esta Noiteboa sexa unha oportunidade para o reencontro familiar e que en 2014 se cumpran as mellores esperanzas de todos.

De novo, Bo Nadal e boas noites.